

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

29 de maio de 2025

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 19:55

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

SECUNDINO GARCÍA CASAL

Secretario:

Olalla Alvarez de Neyra Martinez

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	Araceli Bellas Castro	SÍ
	Jose Manuel Martínez Pérez	SÍ
	José Luis Hermida Prieto	SÍ
	Juan Alberto Rivera Franco	SÍ
	Manuel Beceiro Couce	SÍ
	Manuel Varela Mecías	SÍ
	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
	María Esther Díaz Vergara	SÍ
	Raquel Piñeiro López	SÍ



	SECUNDINO GARCÍA CASAL	SÍ
--	------------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

Resolución:

Sométese a votación a aprobación da acta da sesión ordinaria de 27 de marzo de 2025, que se aproba por unanimidade

Expediente 321/2025. Rúa Castelao

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a proposta de resolución PR/2025/106 de 21 de maio de 2025.

Resolución:

TRANSCRIPCIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que no rúeiro do municipio de San Sadurniño existen dúas vías denominadas de xeito xenérico “A” e “B”, parellas á Praza Ramón Díaz Raña e ao cemiterio, ambas con continuidade física e do mesmo sentido único de circulación,

Visto que no pleno ordinario de 30 de xaneiro de 2025 aprobouse unha moción na que se adoptaba o acordo de “Desenvolver durante o ano 2025 unha programación municipal que contribúa á divulgación e poña de relevo as diferentes facetas da figura de Castelao desde o seu compromiso con Galiza, á súa obra artística e literaria, o seu humanismo e internacionalismo literario”

Considerando que sería necesario establecer unha denominación de goberno para ditos espazos, este Concello dispónse aprobar o nomeamento oficial do traxecto de ambas rúas como “Rúa de Castelao”

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Informe de Secretaría	21/05/2025	



Memoria de Alcaldía	21/05/2025	
---------------------	------------	--

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente a proposta de denominación da vía pública descrita na memoria de alcaldía polos motivos que nela se indican como “Rúa de Castelao”. En concreto, trátase da vía pública que, actualmente en sentido único, traza o seu discorrer entre o entronque coa Avenida Marqués de Figueroa ata a rotonda que a une coa denominada vía “C”, sendo que na mesma atópase o acceso á Casa da Cultura, o centro de saúde, o cemiterio e diversas propiedades privadas. A superficie lineal é de, aproximadamente, 174 metros.*

SEGUNDO *Abrir un período de información pública por prazo de 20 días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>] e no Taboleiro de anuncios.*

TERCEIRO. *Elevar este Acordo a definitivo se non se presentan alegacións no trámite de audiencia e información públicas.*

CUARTO. *Notificar o cambio de denominación ás Administracións interesadas e ás Entidades, empresas e Organismos afectados. En concreto, realizarase unha notificación específica a organismos como Correos, Catastro ou INE, e procederase á determinación do número de goberno dos citados edificios e se comunicará individualmente aos propietarios, emitindo particularmente os certificados ou documentos acreditativos de dita modificación para os trámites, públicos ou privados, que os poidan requirir*

Intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen indica que na documentación consta xa a motivación da proposta, tamén en relación co cumprimento do compromiso adoptado no Pleno sobre o programa de actos e apoio do Ano Castelao este 2025, sinalando que se trata de dar nome ao tramo de vía que pasa por diante da Casa da Cultura e do Centro de Saúde, sube ao cemiterio e ata o punto onde se inicia a vía que pasa por diante do centro educativo.

Don Juan Alberto Rivera, do grupo municipal do PSOE, indica que apoia esta proposta, consonte co apoio sinalado na moción plenaria, e considera que resulta unha denominación moito mellor que a de rúa A e B.

Dona María Muiño indica que, ademáis, estas rúas contan coa continuidade que da ser ambas de sentido único ata o punto en que se encontran coa rúa de diante do colexio, que é de dobre sentido.

Don Juan Alberto Rivera considera que existe só unha vivenda afectada, o que é corroborado polo resto dos presentes.

Dona Esther Díaz, do grupo municipal do PP, indica que o seu grupo tamén está a favor.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día, dictaminándose favorablemente para o seu somentemento ao Pleno dos seguintes ACORDOS:



PRIMEIRO. Aprobado inicialmente a proposta de denominación da vía pública descrita na memoria de alcaldía polos motivos que nela se indican como “Rúa de Castelao”. En concreto, trátase da vía pública que, actualmente en sentido único, traza o seu discurrir entre o entronque coa Avenida Marqués de Figueroa ata a rotonda que a une coa denominada vía “C”, sendo que na mesma atópase o acceso á Casa da Cultura, o centro de saúde, o cemiterio e diversas propiedades privadas. A superficie lineal é de, aproximadamente, 174 metros.

SEGUNDO Abrir un período de información pública por prazo de 20 días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>] e no Taboleiro de anuncios.

TERCEIRO. Elevar este Acordo a definitivo se non se presentan alegacións no trámite de audiencia e información públicas.

CUARTO. Notificar o cambio de denominación ás Administracións interesadas e ás Entidades, empresas e Organismos afectados. En concreto, realizarase unha notificación específica a organismos como Correos, Catastro ou INE, e procederase á determinación do número de goberno dos citados edificios e se comunicará individualmente aos propietarios, emitindo particularmente os certificados ou documentos acreditativos de dita modificación para os trámites, públicos ou privados, que os poidan requirir

Intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen indica que a proposta é nomear como “rúa Castelao” dous tramos de vía pública actualmente denominados “A” e “B”, ambos no mesmo sentido único, que van dende a Casa de Cultura e pasan por diante do cemiterio, ata entroncar na rotonda coa vía que pasa polo centro educativo. Indica, asimesmo, que esta proposta emana do compromiso adoptado no propio Pleno respecto dunha serie de actos de conmemoración do Ano 2025 como Ano Castelao.

Intervén don Juan Alberto Rivera, do grupo municipal do PSOE, quen indica que efectivamente ese foi o compromiso do pleno de xaneiro e que consideran a proposta, dentro desta homenaxe do Ano Castelao, axeitada.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, para indicar que polo seu grupo non existe ningún problema en sacar adiante a proposta, pero que lle gustaría lembrar ao equipo de goberno que o compromiso foi para unha serie de actuacións ao longo do ano e que lle gustaría que un deses compromisos se cumprise, cal é a súa petición de que o libro de gravados de Castelao que é propiedade do Concello se puxese a disposición para os veciños.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día, adoptándose por unanimidade do Pleno da Corporación os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente a proposta de denominación da vía pública descrita na memoria de alcaldía polos motivos que nela se indican como “Rúa de Castelao”. En concreto, trátase da vía pública que, actualmente en sentido único, traza o seu discurrir entre o entronque coa Avenida



Marqués de Figueroa ata a rotonda que a une coa denominada vía “C”, sendo que na mesma atópase o acceso á Casa da Cultura, o centro de saúde, o cemiterio e diversas propiedades privadas. A superficie lineal é de, aproximadamente, 174 metros.

SEGUNDO Abrir un período de información pública por prazo de 20 días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello [<http://sansadurnino.sedelectronica.gal>] e no Taboleiro de anuncios.

TERCEIRO. Elevar este Acordo a definitivo se non se presentan alegacións no trámite de audiencia e información públicas.

CUARTO. Notificar o cambio de denominación ás Administracións interesadas e ás Entidades, empresas e Organismos afectados. En concreto, realizarase unha notificación específica a organismos como Correos, Catastro ou INE, e procederase á determinación do número de goberno dos citados edificios e se comunicará individualmente aos propietarios, emitindo particularmente os certificados ou documentos acreditativos de dita modificación para os trámites, públicos ou privados, que os poidan requirir

Documentos anexos:

- Anexo 1. Memoria de Alcaldía

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta Decretos 144/2025 a 237/2025

Non se producen intervencións

Dación de conta remisión información órganos externos: PMP1T2025, Ricel, Convenios 2024 e Contratos 2024

Non se producen intervencións

C) ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas

Intervén don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, quen pregunta acerca do paseo do río, sinalando que o grupo do BNG propuxera no seu momento a súa ampliación ata Narón, pero que o grupo municipal do PP era menos ambicioso e solicitaba a ampliación ata o Muíño de Perfecto e a instalación duns puntos de luz. Concreta a súa pregunta en se se vai facer algo, alo menos amañar o existente.



Don Secundino García, alcalde, resposta que existe unha solicitude aprobada e concedida a subvención polo ITJ, para intervenir nas proximidades do paseo, que o proxecto está en fase de redacción. Indica que para poder executar a obra solicitada é necesario contar coa autorización doutras entidades, e entre outras cuestións solicítase a disposición da titularidade do solo onde se vai intervenir. Neste punto, cando se presentou a solicitude acompañouse unha memoria onde se propoñía a instalación dunha iluminación moi tenue ao longo do pase, pero a esta cuestión puxo obxeccións a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, que informou en contra de dita posibilidade por un tema de preservación de fauna e, en consecuencia, fixaron a prohibición de iluminar o paseo.

Don Jose Luis Hermida pregunta se non sería posible unha iluminación a través de farolas soltas.

Don Secundino García, alcalde, indica que nin tan sequera, e que de feito era iso o que se propoñía, pero que o informe foi negativo baseado na protección da fauna, influindo tamén o feito de atoparse dentro do espazo da Rede Natura. En consecuencia, indica, tivo que retirarse calquera tipo de iluminación do proxecto ao carón do paseo e do río. Indica tamén que, posiblemente, teña que retirarse toda intervención no paseo debido a que se atopa ubicado en dominio público. Neste punto indica que se levaron a cabo varias reunións tanto co ITJ como con Augas de Galicia e que neste punto, xuridicamente falando, poderá ser máis propia a intervención da Secretaria, pero que cando se solicitou a subvención xa se indicou que o solo era de titularidade pública, non municipal pero si pública, e nesta fase actual o ITJ, entendendo que o celo ven dado por tratarse de Fondos Europeos, esixe aclarar a titularidade dos terreos onde se atopa o paseo, considerando admisible só que se trate de terreos municipais ou cedidos ao municipio. Esta cuestión levou a tratar o asunto directamente con Augas de Galicia, xa que o paseo se atopa dentro do dominio público hidráulico, mais dende este organismo denegouse a posibilidade de cesión dos terros precisamente por tratarse de dominio público, que non é cedible. Reflexiona o Sr. Alcalde sobre o feito de que o paseo foi inicialmente acometido con fondos Proder, de cando existían, a través do GDR, aproximadamente a principios dos anos 2000, posteriormente, de feito, aumentouse e mellorouse con fondos do Concello e fondos da Xunta, pero segundo se lles indicou na última reunión con Augas de Galicia, o paseo non podería estar onde está, aínda que o está, xa que o dominio público hidráulico non é cedible, e isto conlevará probablemente a exclusión da parte do orzamento do investimento destinado ao paseo, que aproximadamente é do 20% do total.

Cedida a palabra á Secretaria-Interventora, dona Olalla Alvarez de Neyra Martinez, esta explica que a zona de dominio público hidráulico alcanza o leito do río e ata a zona de máxima crecida ordinaria, e dende ese punto iníciase unha zona de 100 metros, chamados de policía, onde calquera actuación debe contar co visto bo de Augas de Galicia aínda que sexa de titularidade privada, dos que os primeiros cinco son chamados de servidume, que segundo a normativa deben quedar sempre expeditos para o uso público. Baixo esta consideración, é evidente que o paseo se atopa nunha grande proporción dentro da zona de dominio público, xa que de feito algúns tramos son pasarela por enriba das augas, e polo tanto existe unha situación xuridicamente difícil de encaixar xa que se trata dun elemento que non podería estar onde está, pero está. Indica que, con esta lexislación na man, o paseo podería ubicarse dentro da zona de policía pero fora da de servidume, é dicir, deixando un espazo de cinco metros dende o límite do dominio público, pero esa zona ten propietarios particulares que implicarían un expediente de expropiación do terreo e logo a tramitación da autorización para a obra, expediente arduo e que daría unha ubicación alonxada do río.

Don Jose Luis Hermida replica que é unha pena porque se trata dun importante atractivo turístico en



San Sadurniño, e en todo caso, pregunta se está permitido alo menos manter o que hai porque hai zonas do paseo que están caendo.

Don Secundino García, alcalde, replica que o mantemento estase levando a cabo dende hai anos con normalidade e que así se seguerá a facer, mostrando o seu desacordo co concelleiro do grupo do PP respecto de que estea a caer o paseo, xa que cóidase e repóñense as madeiras que se van deteriorando. Afirmar que é posible que a día de hoxe non se puidera facer o paseo tal e como existe, e por iso pódese manter pero non realizar obra nova, que era o que se pretendía con este proxecto. Indica, ademais, que se debe ser especialmente coidadoso co tema do dominio público hidráulico e que comprende que se sexa estricto no que a este dominio respecta porque non podemos olvidar que catástrofes como a de Valencia veñen dadas en parte pola modificación dos cursos de auga e certa permisividade no que se refire a construcións en antigos dominios públicos hidráulicos.

Don Jose Luis Hermida replica que a cuestión da catástrofe de Valencia non ten nada que ver con este caso porque non se está a falar de modificar cauces.

Don Secundino García, alcalde, finaliza a cuestión indicando que sí que ten que ver porque se está a falar de intervir no dominio público hidráulico.

Don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, pregunta acerca da posibilidade de crear un parque infantil biosaudable en San Sadurniño, xa que todos os concellos cercanos contan alo menos con un e neste municipio existen tres aparellos instalados no parque infantil nada máis. Pregunta se o equipo de goberno ten pensado facer algo, xa que non o fixo nos 17 anos que leva no goberno aínda que o plantexaron no seu programa electoral.

Don Secundino García, alcalde, recoméndalle ao Sr. Concelleiro que lea a documentación que se lle ofrece dende o Concello, xa que precisamente esa actuación está especificamente incluída no proxecto do que se falou previamente co galo do paseo fluvial, proxecto que lle recorda que foi apoiado polo seu grupo.

Don Jose Luis Hermida manifesta que na súa opinión o equipo de goberno do BNG é máis partidario de acometer de golpe os investimentos cunha subvención pero que o seu grupo tería feito pequenos investimentos ao longo destes anos.

Don Secundino García, alcalde, replica que existe un parque infantil de grandes dimensións apenas a cen metros do Concello, moito máis grande que o de calquera Concello do arredor.

Don Jose Luis Hermida sinala que se trata dun espazo para ver pero non para utilizar.

Dona María Muiño, concelleira do equipo de goberno, intervén sinalando que existe un parque infantil no CEIP que ademais está cuberto, o que posibilita que se utilice aínda que choiva.

Don Jose Luis Hermida replica que ese parque está pechado.

Dona María Muiño e don Secundino García manifestan que o parque está permanentemente aberto ao público, e que se remodelou recentemente con financiación da Xunta de Galicia que esixía precisamente que pasase a ser un parque público.

Don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, pregunta se se ten avanzado algo na proposta realizada en pleno anterior sobre a posible homenaxe a D. Manuel Seco.

Secundino García, alcalde, indica que se está traballando na proposta e que cando a teñan máis definida a compartirán co resto dos grupos municipais.

Don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, pregunta polo estado do expediente da modificación puntual dos terreos da Cortiña.



Don Secundino García, alcalde, indica que está actualmente pendente de informes sectoriais, que o Concello remitiu a aprobación inicial da modificación e estanse recabando os informes doutras Administracións, xa que a aprobación definitiva lle corresponde á Xunta de Galicia.

Don Jose Luis Hermida pregunta se o Concello entregou ou presentou a documentación.

Don Secundino García resposta que foi entregado todo en canto se aprobou, pero que agora xa non depende do Concello senón da Xunta.

Don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, pregunta se a lona de plástico que está agora mesmo no vaso da piscina é o que se vai facer nesta instalación.

Don Secundino García, alcalde, resposta que existen basicamente dous solucións para os vasos de piscinas, o gresite e o que él chama lona, que é un tecido técnico que se pon para o estancamento do vaso. Indica que esta solución xa figuraba no proxecto, que é o que se está a executar.

Dona María Muiño, concelleira do equipo de goberno, indica que a alternativa técnica adecuada e escollida para arranxar a piscina é a que se está instalando.

Don Secundino García, alcalde, insiste en que non se trata dunha lona sen máis, senón dunha cobertura técnica que é a que se está a utilizar actualmente en todas as piscinas, xa que o gresite ten unhas dificultades intrínsecas e esta solución é moito menos problemática.

Don Jose Luis Hermida pregunta se se vai a abrir a piscina en prazo.

Don Secundino García, alcalde, resposta que esa é a idea e que, de feito, xa está anunciada a apertura para o 23 de xuño ou aproximadamente esa data, despois do maratón de fútbol.

Don Jose Luis Hermida pregunta se non estará aberta no maratón de fútbol.

Don Secundino García resposta que precisamente, abrirase na fin de semana do maratón.

Dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, pregunta acerca do local para os grupos políticos municipais, indicando que xa o ten preguntado en varias sesións e que incluso comentou co concelleiro do grupo do PSOE que o preguntara él tamén.

Don Secundino García, alcalde, sinala que o que é os locais están practicamente listos a falta, ao mellor, dalgún pequeno detalle, e que en canto estean en situación de ser ocupados e se teña decidido o réxime de utilización, realizarase unha xunta de voceiros a este efecto.

Dona Belén Trigo indica que é coñecedora de que o Sr. Alcalde realiza charlas e encontros noutros Concellos, aconsellando aos grupos políticos municipais que soliciten locais e poñendo como exemplo a San Sadurniño, e considera que non é ningún exemplo porque a día de hoxe están sen adxudicar eses locais.

Don Secundino García plantexa que como membros do PP e, posiblemente conservadores, debe recordarlles que a mentira é, como pouco, pecado venial. Neste sentido, explica, o que pon como exemplo de San Sadurniño é o feito de que dende que goberna o BNG non existe ningún impedimento para a utilización e cesión de locais municipais para actos e xuntanzas dos grupos políticos municipais. Recórdalle que antes non era así, dándose a circunstancia de que nunha ocasión, durante unha campaña electoral, o espazo cedido ao BNG para un mitin foi o Campo da Feira, no medio da carretera. En resumo, sinala, o Concello de San Sadurniño cede os seus locais e edificios a calquera que os pida, incluso entidades privadas.

Don Jose Luis Hermida intervéñ para sinalar que non é o mesmo pedir puntualmente un local para un acto que ter un local fixo onde deixar documentación, un ordenador... que é certo que se lles ceden locais pero lles obriga a solicitalo de cada vez.



Don Secundino García considera que no momento actual, en que a documentación tende a ser dixital e os ordenadores portátiles, tampouco é necesario ter un ordenador de mesa físico nun lugar determinado, sinalando que o seu propio grupo realiza xuntanzas e trasladan os seus equipos portátiles a onde se reunan. Non obstante, indica que se convocará unha xunta de voceiros para falar da regulación do uso porque non hai local para cada grupo, senón que deberá plantexarse o reparto dun ou dous locais para os tres grupos.

Dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, invita ao Sr. Alcalde a fixar neste momento a data de dita xunta de voceiros.

Don Secundino García replica que, como alcalde, correspóndelle a él fixar dita reunión e así o fará cando conte cos elementos necesarios para elo.

Don Manuel Varela, concelleiro do equipo de goberno, intervéen para rogar que por parte dos presentes se lembren de que existen asociacións no municipio que tamén lles sería útil contar con local.

Dona Belén Trigo manifesta que esa é a finalidade do Centro Municipal de Empresas, pero que o Regulamento deste Centro permite que haxa xente instalada sete anos nun local e non se lles poda botar salvo que renuncién.

Don Secundino García finaliza o turno da pregunta sinalando que o CME ten un Regulamento que foi aprobado en pleno, e quere lembrar que co voto favorable do grupo municipal do PP, e que se pode plantexar a modificación dese Regulamento, pero mentres é o que hai, hai que aplicalo, e asimesmo sinala que o obxecto da pregunta non era introducir a cuestión do Regulamento do CME senón os locais para grupos municipais.

Don Secundino García, alcalde, realiza unha intervención final rogando aos concelleiros presentes a unidade de manifestación en contra da masacre que se está a cometer contra o pobo palestino, plantexando que se está atacando a nenos, nenas, vellos e vellas de xeito impune mentres o mundo mira para outro lado.

Don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, intervéen sinalando que da a razón neste punto ao equipo de goberno e manifesta a súa incredulidade de que no século XXI non exista un método de entendemento e solución de conflitos entre nacións que poida evitar esta auténtica barbarie.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2025/4

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 321/2025. Rúa Castelao

- Anexo 1. Memoria de Alcaldía



Concello de San Sadurniño

Expediente núm.: 321/2025

Procedemento: Denominación vía pública


Tipo de Informe: Borrador ☐ Provisional ☐ Definitivo ☒

MEMORIA DE ALCALDÍA

En relación á denominación das actuais rúas “A” e “B” (rúa Casal segundo catastro) como “Rúa Castelao”, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. O espazo ao que se refire o presente expediente é a vía pública que se amosa nos seguintes planos, onde pode observarse o trazado continuo da estrada, actualmente en sentido único, e a súa ubicación vai dende o entronque coa Avenida Marqués de Figueroa ata a rotonda que a une coa denominada vía “C”, sendo que na mesma atópase o acceso á Casa da Cultura, o centro de saúde, o cemiterio e diversas propiedades privadas. A superficie lineal é de, aproximadamente, 174 metros.



SEGUNDO. As razóns que fundamentan o establecemento da denominación da vía pública están suficientemente xustificadas por:

- a) En primeiro lugar, a necesidade dunha denominación oficial ou determinada de dito espazo,



Concello de San Sadurniño

que actualmente ven dada pola denominación xenérica “A” e “B” derivada da urbanización, no seu momento, da zona, mais non considerada nunca como denominación oficial aprobada polo Concello.

- b) Existe unha continuidade lóxica do trazado derivado do sentido único de circulación que implica a necesidade de tránsito íntegro de ambos treitos por vehículos motorizados, o que aconsella un tratamento único de toda a estrada.
- c) O ano 2025 está declarado como Ano Castelao, coincidindo co 75 aniversario do seu pasamento en Bos Aires. A denominación expresa da nomenclatura no rueiro de San Sadurniño ten por obxecto recoñecer a importancia e relevancia da súa figura. Desde o Concello de San Sadurniño vaise desenvolver unha programación de actos e actividades durante este ano co gallo de recoñecer, divulgar e homenaxear a figura de Daniel Alfonso Castelao na amplitude de todas as súas facetas; compromiso adquirido formalmente coa aprobación da moción en apoio á celebración do Ano Castelao no pleno ordinario do mes de xaneiro de 2025.

Nomear o espazo público é unha das fórmulas máis relevantes de honrar a memoria, pola súa permanencia no tempo, máis aló doutros actos máis efímeros, aínda que tamén relevantes.

Como arroupe a esta proposta engádesse unha pequena escolma de feitos a destacar en relación á figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, de quen podemos afirmar, sen ningún xénero de dúbidas que é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, unha condición que deriva dunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra todo tipo de discriminacións e desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a militancia no internacionalismo solidario:

Todo o pensamento e a obra de Castelao emana do seu compromiso político e social, consecuente coa toma de posición en defensa do país, da cultura, da lingua e das aspiracións de xustiza e liberdade do pobo galego.

Un compromiso que o levou a participar primeiro nas Irmandades da Fala (coa asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918) e máis tarde, xa no período republicano, coa fundación do Partido Galeguista (1931).

Nos anos 20 a súa actividade centrouse no ámbito cultural, con creacións senlleiras como Cousas ou o álbum e a exposición Nós, e mediante a participación en iniciativas como o grupo e revista Nós, o Museo de Pontevedra ou o Seminario de Estudos Galegos.

Nos anos 30 asumiu cargos de responsabilidade política no Partido Galeguista e exerceu como deputado nas Cortes da República entre 1931-1933. Neste período centrou grande parte dos seus esforzos na campaña polo Estatuto de Autonomía, finalmente aprobado en plebiscito popular o 28 de xuño de 1936.

Por este firme e inquebrantábel compromiso co seu país, Castelao tivo que pagar un alto prezo. Primeiro co desterro a Badaxoz (1934-1935) decretado polo goberno dereitista de Lerroux. A partir do golpe de Estado fascista de xullo de 1936, momento no que tomou partido en defensa da legalidade republicana e de Galiza, sufrindo unha persecución implacábel materializada nun expediente de responsabilidades políticas, no espolio da súa casa e dos seus bens, nunha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar a súa familia, e na depuración como funcionario público.

A persecución e o asasinato dos principais líderes do nacionalismo e do republicanismo galego, compañeiros e amigos seus, marcou fondamente a Castelao. Por iso, a partir de xullo de 1936 un dos obxectivos centrais da súa vida foi a denuncia dos crimes da Ditadura e a lembranza, dignificación e recuperación do exemplo das vítimas da represión franquista.



Concello de San Sadurniño

Dese empeño xurdiu a escolla do 17 de agosto, data do asasinato do seu grande amigo Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos-Día da Galiza Mártir. Deste mesmo compromiso naceron neses anos de guerra e exilio os Álbuns da Guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza e Milicianos), as campañas de propaganda na URSS (1938), Estados Unidos e Cuba (1938-1939), e o asentamento definitivo con Virxinia Pereira en Bos Aires a partir de 1940. Nesta época impulsa a creación da Irmandade Galega (1941), publica o libro Sempre en Galiza (1944) e outras obras como Os vello non deben de namorarse ou As cruces de pedra na Galiza, promove a fundación do Consello de Galiza (1944), do que foi o primeiro presidente, e pronuncia o histórico discurso Alba de Gloria (1948), e para defender por todos os medios a aprobación definitiva do Estatuto Galego polas Cortes da República, obxectivo que non chegou a ver realizado plenamente.

Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da historia de Galiza. Todo o que fixo e dixo Castelao, ao longo da súa vida e en todos os lugares do mundo nos que estivo, foi sempre ao servizo da nación e do pobo galego.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

